

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE ABRIL DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

D.Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

Dna. María Jesús Novo Gomez
D. Elisardo Montero Castro
D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

Dna. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 14:30 horas do día vinte e oito de abril de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de Goberno Local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Cofeidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 31/03/2016, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 31/03/2016.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA SOLICITANDO O REINTEGRO DO IMPOTE A SUBVENCIÓN NON XUSTIFICADA PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL EXERCICIO 2014

Pola secretaria dase conta do escrito remitido polo xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria con rexistro de entrada no Concello co número 723 o día 12/04/2016, no que se informa que unha vez examinada a documentación xustificativa da subvención outorgada para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local do ano 2014 expediente número TR351B 2014/15-1 non se xustifica por este Concello a totalidade da subvención percibida, debendo proceder, por tranto á devolución da diferenza resultante:

Subvención aboada	Total custo salarial imputable	% Subvencionable	Total custo subvencionable	Importe a reintegrar
-------------------	--------------------------------	------------------	----------------------------	----------------------

6.928,57	7.204,83	22%	4.074,45	2.854,12
----------	----------	-----	----------	----------

De conformidade coa orde que regula a subvención o ingreso do importe non xustificado deberá facerse a favor do Tesouro Público da Comunidade Autónoma de Galicia especificando no concepto: remanente subvención e o número de expediente de que se trata.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Aprobar o reintegro da subvención á Xunta de Galicia-Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local convocatoria 2014 por importe 2.854,12 euros e efectuar a devolución mediante transferencia bancaria á conta bancaria do Tesouro Público da Comunidade Autónoma de Galicia núm. ES82 2080 0300 8731 1006 3172 especificando no concepto: remanente subvención TR351B 2014/15-1.

SEGUNDO.- Dar conta aos servizos contables para que procedan ao reintegro da cantidade sinalada no apartado anterior e unha vez realizado o trámite remítase copia compulsada do xustificante bancario do pagamento ao Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA SUFRAGAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Xustiza de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada no concello co número 722 en data 12/04/2016, no que se comunica a cantidade que lle corresponde a este Concello para sufragar os gastos de funcionamento do Xulgado de Paz que este ano segundo as cifras de poboación é de 1.577,33 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA SUBVENCIÓN DE NATUREZA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada no concello co número 732 en data 14/04/2016, no que se notifica a concesión de subvención por importe de 7.401,52 €uros, para o proxecto denominado “Subministración de colectores para recollida selectiva de basuras no concello de Boimorto” (DOG núm. 246, do 28 de decembro).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO 4X4 SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA FONDO DE COMPESACION AMBIENTAL ANO 2015

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Administración Local de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada no concello co número 788 en data 21/04/2016, no que se notifica a resolución de perda do dereito ao cobramento parcial da subvención por importe de 21.645,81 €uros, que afecta á subministración dun vehículo 4x4, integrada no proxecto denominado Melloras na rede de abastecemento e dotación de vehículo 4x4 para o concello de Bomorto, concedida ao abeiro da orde do 24 de novembro de 2015, por non obter o mínimo de 3 ofertas esixidas polo artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia no procedemento de contratación.

O Alcalde informa que se presentou un recurso postestativo de reposición no Rexistro da Dirección Xeral de Administración Local en data 26/04/2016 (Entrada 652 / RX 1119176).

2.1.5.- ESCRITO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA SOBRE SOLICITUDE DE INFORMES A ESTE ÓRGANO CONSULTIVO CON MOTIVO DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI DE ORDENACION DA ASISTENCIA XURIDICA DA ADMINISTRACION XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA E DO SEU SECTOR PÚBLICO.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado por D. José Luís Costa Pillado, Presidente do Consello Consultivo de Galicia, recibido en data 25/04/2016, no que se informa da nova posibilidade que se atribúe ás entidades locais para solicitar a este órgano consultivo a emisión de informes en asuntos de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma de Galicia nos seguintes casos:

- a) Cando apareza referida a normas cuxa aplicación ao caso ou cuxa interpretación na súa aplicación ao mesmo resulte dubidosa.
- b) Cando transcenda do caso concreto porque presente unha cuestión xurídica de relevante e xeral repercusión económica ou social.
- c) Cando fose resolta por distintas Administracións Públicas de Galicia con criterios xurídicos contraditorios.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- RECURSO DE REPOSICIÓN DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA, GASTRONÓMICA, CULTURAL E AMBIENTAL RÁPIDO DE DORMEÁ.

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado por Ramón Mariño López, Jesús Garea Lorenzo, José Antonio López Gómez e José Ramón Quintela Sánchez, representando á Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá con CIF: G15982853, con rexistro de entrada número 513 en data 14/03/2016, no que se interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/01/2016.

En data 01/04/2016 remítese dende o Concello un escrito á Subdirección de Mobilidade de Terras, solicitando asesoramento sobre a posibilidade de alleamento ou cesión a terceiros de fincas constituíntes de masa común da zona de concentración parcelaria de Dormeá.

En data 21/04/2016, con rexistro de entrada número 787 recíbese contestación da Subdirección de Mobilidade de Terras no que se sinala o seguinte:

(...)

<<...á vista do establecido na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras e a Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a pretensión contida na solicitude non pode ser atendida por parte de Agader, como entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, debido aos seguintes motivos:

1.- Aínda que, de acordo co establecido nos artigos 14 e 17 da lei de mobilidade de terras, resulta posible a cesión gratuíta da titularidade de fincas de titularidade de Agader aos concellos que así o soliciten, esta cesión tense que facer vencellando os usos futuros da finca a fins de interese social determinado, sen que eses usos podan ser modificados posteriormente e sen que se admita o cambio de titularidade posterior da finca así alleada. Calquera incumprimento destas condicións levaría consigo a reversión da parcela cedida.

2.- Con respecto á segunda posibilidade, que sería a venda directa ou por poxa pública dalgunha das fincas de masa común, cómpre sinalar que o produto da venda deberá obrigatoriamente reverter ao patrimonio da Xunta de Galicia, sen que, polo tanto, poda ser empregado para adquisición de fincas a terceiras persoas.>>

De acordo co anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Ramón Mariño López, Jesús Garea Lorenzo, José Antonio López Gómez e José Ramón Quintela Sánchez, representando á Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dorneá con CIF: G15982853 contra o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/01/2016 con fundamento ao informe emitido pola Subdirección de Mobilidade de Terras transcrito nos considerandos deste acordo.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS, PERMISOS

3.1.1.- LICENZA Á ASOCIACIÓN AMARAI USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Vista a instancia con data 27/04/2016 con rexistro de entrada no Concello co número 836, suscrita por Dna. Yolanda Mejuto Vázquez con DNI núm. 46710246Y actuando como directora da Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI), na que solicita autorización para uso do polideportivo municipal para a realización de actos con motivo da celebración do V aniversario do Centro de recursos para persoas con discapacidade de Boimorto o día 6 de maio de 2016, en horario de 9:30 a 13:30 horas, así como a dispoñibilidade dunha mesa, quince cadeiras e equipo de sonido que inclúa altavoces, reprodutor musical e micrófono e tamén solicita a exención do pagamento da taxa pola súa utilización.

Visto o artigo 5º da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á Asociación de persoas maiores con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) o uso do polideportivo municipal o día 6 de maio de 2016, en horario de 9:30 a 13:30 horas para realización de actos con motivo da celebración do V aniversario do Centro de Boimorto, así como a dispoñibilidade do material solicitado, condicionando a autorización a:

1º.- Os autorizados, ao rematar os actos, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio do mesmo.

2º.- A solicitante queda responsabilizada da utilización do material subministrado polo Concello que deberá ser conservado no estado en que se atopa e entrega para o seu uso.

3º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasiona o día da celebración do aniversario.

SEGUNDO.- Recoñecer á asociación AMARAI a exención do pagamento da taxa pola utilización do polideportivo municipal en base ao disposto no artigo 5º f) da mencionada Ordenanza fiscal, ao tratarse de actividades promovidas por un entidade sen fins de lucro de ámbito municipal.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ao técnico de deportes para que se encargue de abrir e pechar o polideportivo municipal e o teña en conta na programación de actividades.

CUARTO.- Notificar o presente decreto á interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

3.1.2.- LICENZA Á ASOCIACIÓN SCOUTS DE GALICIA PARA USO DO REFUXIO DE CAZADORES DE SENDELLE

Vista a solicitude presentada con entrada neste Concello co número 802 en data 25/04/2016, na que D. Andrián Pose Martínez, en representación da Asociación Grupo Scout San Jorge 33, na que solicita que durante os días 14, 15 e 16 de maio de 2016 se autorice unha acampada nas inmediacións do refuxio de cazadores de Sendelle e utilizar dito refuxio para pernoctar.

Considerando que a parcela do refuxio é ben de natureza patrimonial titularidade municipal, tendo en conta as advertencias legais manifestadas verbalmente pola secretaria en relación ó necesario cumprimento e respecto do establecido no Real Decreto 143/2006, de 27 de xullo, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia, advertencias sinaladas sobre requisitos de acampadas libres e intinerantes.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 408/2015 con data 17/08/2015 para concesión de toda clase de licenzas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á Asociación Grupo Scout San Jorge 33 para a realización de acampada nas inmediacións do refuxio de cazadores de Sendelle utilizando dito refuxio para pernoctar nos días 14, 15 e 16 de maio de 2016 sometendo a autorización o cumprimento da normativa aplicable en materia de acampadas de turismo en Galicia así como o respecto da parcela e o uso da mesma deixandoa nas mesmas condicións de como se atope.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado.

3.1.3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 29 DE XUÑO AOS ALUMNOS DO COLEXIO “SAN IGNACIO DE SAN SEBASTIÁN (JESUITAS)”

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por D. Iñaki Urretabizkaia Añorga, actuando en calidade de profesor de 2º ciclo da ESO e responsable da organización realización Camiño de Santiago cos alumnos e alumnas do 2º ciclo da ESO do colexio “San Ignacio de San Sebastián (Jesuitas)”, con rexistro de entrada neste Concello co número 675 en data 08/04/2016, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 50 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 29 de xuño de 2016.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6.e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria “pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia”, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Iñaki Urretabizkaia Añorga, actuando en calidade de profesor de 2º ciclo da ESO e responsable da organización realización Camiño de Santiago cos alumnos e alumnas do 2º ciclo da ESO do colexio “San Ignacio de San Sebastián (Jesuitas)”, para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 50 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 29 de xuño de 2016.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de **CENTO CINCOENTA EUROS (150,00 €)**, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 8 de marzo de 2016 (RE núm. 487) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Mercedes Sánchez Mellid
DNI:	76498337S
Domicilio:	Lg. Cando núm. 2 - Dormeá - 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Colocación de tella sobre unha cuberta de fibrocemento en vivenda unifamiliar
Situación:	Lg. Cando núm. 2 - Dormeá - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	000100100NH76B0001GS
Orzamento de execución:	1.282,95 Euros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.
Autorización sectoriais:	Non é necesario
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 14 de marzo de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 142.3 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.282,95 €uros

Liquidación 2%: **25,66 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Mercedes Sánchez Mellid indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 1 de marzo de 2016 (RE núm. 418) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Manuel López Méndez, en nome e representación da entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A.
DNI:	44821494Z
Domicilio:	Rúa Gándara nº 45 - Boimorto - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Limpeza da cuberta e substitución de tellas en mal estado, así como actuación no canalón e selado de ventá no local social anexo Abanca
Situación:	Rúa Gándara - Boimorto
Referencia catastral:	0614705NH7601S0001SH
Orzamento de execución:	1.663,58 €uros
Cualificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva.
Autorización sectoriais:	Non é necesario
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 14 de marzo de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 142.3 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.663,58 €uros

Liquidación 2%: **33,27 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel López Méndez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 19 de novembro de 2015 (RE núm. 2906) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Teresa García Tojo
DNI:	78784173L
Domicilio:	R/ Estrada de Lanzá núm. 27 - Boimorto - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Renovación de cuberta dunha vivenda
Situación:	R/ Estrada de Lanzá nº 27 - Boimorto - 15817 Boimorto
Referencia catastral:	002100100NH76C0001HZ
Orzamento de execución:	14.058,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas. Ao tratarse dunha edificación cunha antigüedade superior a seis anos e ao descoñecerse se conta coa preceptiva licenza municipal, quedaría incurso no réxime de fóra de ordenación, permitíndose só obras de conservación, conforme ao disposto no artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.
Autorización sectoriais:	Consta resolución da Deputación Provincial de 21 de decembro de 2015 (expediente nº 997/15), se ben, foi presentado no concello o 11/03/2016
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 14 de marzo de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 142.3 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 14.058,00 €uros

Liquidación 2%: **281,16 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Teresa García Tojo indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 16 de marzo de 2016 (RE núm. 531) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Rubén Ramón Garea Moscoso
DNI:	79334814V
Domicilio:	Lg. Orros núm. 16 - Andabao - 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Pavimentación solera de cemento ao carón da explotación gandeira
Situación:	Lg. Orros nº 16 - Andabao - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A504004980000JW
Orzamento de execución:	5.230,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria.
Autorización sectoriais:	Non é necesario.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 21 de marzo de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 142.3 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 8.074,80 €uros

Liquidación 2%: **161,50 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Rubén Ramón Garea Moscoso indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- LICENZA DE SEGREGACIÓN NA FINCA Nº 258 DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE ÁNXELES (SANTA MARIA) LICENZA URBANÍSTICA (LO 1/2016).

Vista solicitude presentada (con entrada en data 29/01/2016 nº 188) por Dna. María Josefa Sánchez Millares, acompañada de proxecto de parcelación para segregar a finca nº 258 de concentración parcelaria de Ánxeles con referencias catastrais 15010A506002580000JW (rústica) e 15010A506002580001KE (urbana), redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eduardo Ignacio Aguión Sandá, colexiado nº 977, sen visar.

De acordo co proxecto de segregación a parcela nº 258 da zona de concentración parcelaria de Santa María dos Ánxeles se describe así: Terreo adicado a labradío e monte ao sitio de “Quintás”, de mensura unha hectárea doce áreas e sesenta centiáreas. Limita: Norte, Andrés Ares Sánchez (257) e terreo de dominio público por onde ten acceso á estrada C-540 de Betanzos a Melide; Sur, camiño; Leste, Carmen Ares Raposo (259); e Oeste, camiño. Ten unha extensión superficial de 11.260 m² e está clasificada no PXOM como solo de núcleo rural coa cualificación de orixinario disperso e como solo rústico de protección agropecuaria.

Nesta finca se encontran enclavadas unhas construcións que se corresponden á vivenda unifamiliar composta de dúas plantas ocupando cada planta unha superficie de 84 m², cuns anexos a dita vivenda dunha soa planta que ocupan unha superficie de 180 m² e unha edificacións dedicadas usos gandeiros dunha soa planta de 210 m², cunha antigüidade superior aos cincuenta anos e preténdese a segregación en dúas fincas.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza de segregación dos servizos técnicos municipais asinado por D. Fernando Delgado Juega en data 15/02/2016.

Visto o informe de secretaría que consta no expediente de data 27/04/2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de segregación a Dna. María Josefa Sánchez Millares para segregar a finca número 258 da zona de concentración parcelaria de Santa María dos Ánxeles, cunha superficie total de 11.260 m² en:

PARCELA 258-segregada		
Solo de núcleo rural, orixinario disperso		
Condicións	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	500 m ²	4.992 m ²
Fronte mínimo a vía pública	8 m.	126,83 m.
Edificabilidade máxima	05 m ² / m ²	0,11 m ² / m ²
Ocupación máxima	50 %	11,12%
0Recuamentos a lindeiros	3,0 m.	12,85.
Observacións: Nesta parcela atópanse unha vivenda unifamiliar de 168 m ² (B+1), cunha ocupación en planta de 84 m ² , uns anexos a vivenda de planta baixa cunha superficie de 180 m ² , e unhas edificacións dedicados a usos gandeiros de 210 m ² . Ademais, esta parte da finca está cruzada por unha condución soterrada de auga.		

--

PARCELA 258-cesión viario		
Solo de núcleo rural, expansión de núcleo		
Condicións	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	-3001.000 m ²	1.005 m ²
Fronte mínimo a vía pública	8 m.	17,93 m.
Edificabilidade máxima	0,3 m ² / m ²	-
Ocupación máxima	30 %	-
Recuamentos a lindeiros	3,0 m.	-.
Observacións: Cédense ao concello 41 m ² para regularización de viario segundo o establecido nos artigos 43 e 87 do PXOM.		

PARCELA 258-Matriz		
Solo de núcleo rural, expansión de núcleo		
Solo rústico de protección agropecuaria e protección de infraestruturas		
Superficie total 6.133 m ²		
SOLO DE NÚCLEO RURAL, EXPANSIÓN DE NÚCLEO		
Condicións	PXOM	Proxecto
Parcela mínima	1.000 m ²	2.652 m ²
Fronte mínimo a vía pública	8 m.	45,14 m.
Edificabilidade máxima	0,3 m ² / m ²	-
Ocupación máxima	30 %	-
Recuamentos a lindeiros	3,0 m.	-.
Observacións: Ademais dos 2.652 m ² clasificados como solo de núcleo rural, a parcela conta con outra porción de terreo de 3.481 m ² clasificada como de solo rústico, en dúas categorías, protección agropecuaria (3.150 m ²) e protección de infraestruturas (376 m ²)		

SEGUNDO.- Someter a licenza de segregación ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Conforme ao proxecto presentado as dúas parcelas quedan delimitadas con cesión de viario uso público, a cesión terá que formalizarse en escritura pública acompañada de plano ou documento gráfico onde se exprese con precisión a superficie obxecto de cesión conforme as aliñeacións establecidas.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á interesada aos efectos oportunos indicando o réxime de recursos.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE “CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DE XARDÍNS, ZONAS VERDES E OUTRAS ZONAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO”

Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 31/03/2016 acordou comunicar á empresa Coregal Parques e Xardíns, S.L. o cumprimento e necesidade de resolución do contrato de servizo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais do Concello de Boimorto asinado o 20/06/2014 e prorrogado no 2015, notificada a

dita empresa a proposta de resolución, outorgando un prazo de audiencia de 10 días naturais de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, recibida notificación enviada por correo certificado con acuse de recibo o 12/04/16 rematando o prazo para presentar alegacións o 22/04/2016 sen que foran presentadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Acorda a resolución do contrato de servizo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras públicas municipais do Concello de Boimorto asinado o 20/06/2014 e prorrogado no 2015 coa empresa Coregal Parques e Xardíns, S.L.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á empresa aos efectos oportunos.

4.2.2.- CONTRATACION MENOR SERVICIOS DE PERRUQUERÍA NA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO

Vista a necesidade de contratar os servizos de perruquería dirixido os/as usuarios/as da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto.

Vista a oferta presentada por Mercedes Seijas Barreiro con NIF 76517970Y e con domicilio en Travesía Casal de Munín núm. 9, Boimorto, 15817 Boimorto (A Coruña) para prestar o servizo de perruquería para os/as usuarios/as da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto co seguinte desglose:

- .- Corte de pelo, tinte e cera: 10 €/persoa (IVE incluído)
- .- Corte de pelo e cera: 7 €/persoa (IVE incluído)
- .- Servizo de cera únicamente: 2€/persoa (IVE incluído)

Considerándose este contrato menor e vista a normativa neste caso de contrato de servizo de perruquería para o centro residencial que encaixa na categoría 27 do anexo II do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público normativa que a continuación se indica:

“Artículo 10 Contrato de servicios

Son contratos de servicios aquéllos cuyo objeto son prestaciones de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto de una obra o un suministro. A efectos de aplicación de esta Ley, los contratos de servicios se dividen en las categorías enumeradas en el Anexo II.

Artículo 19. Contratos administrativos.

1. Tendrán carácter administrativo los contratos siguientes, siempre que se celebren por una Administración Pública:

Los contratos de obra, concesión de obra pública, gestión de servicios públicos, suministro, y servicios, así como los contratos de colaboración entre el sector público y el sector privado. No obstante, los contratos de servicios comprendidos en la categoría 6 del Anexo II y los que tengan por objeto la creación e interpretación artística y literaria y los de espectáculos comprendidos en la categoría 26 del mismo Anexo no tendrán carácter administrativo.

Los contratos de objeto distinto a los anteriormente expresados, pero que tengan naturaleza administrativa especial por estar vinculados al giro o tráfico específico de la Administración contratante o por satisfacer de forma directa o inmediata una finalidad pública de la específica competencia de aquélla, siempre que no tengan expresamente atribuido el carácter de contratos privados conforme al párrafo segundo del artículo 20.1, o por declararlo así una Ley.

2. Los contratos administrativos se registrarán, en cuanto a su preparación, adjudicación, efectos y extinción, por esta Ley y sus disposiciones de desarrollo; supletoriamente se aplicarán las restantes normas de derecho administrativo y, en su defecto, las normas de derecho privado. No obstante, a los contratos administrativos especiales a que se refiere la letra b) del apartado anterior les serán de aplicación, en primer término, sus normas específicas.

Artículo 111. Expediente de contratación en contratos menores.

1. En los contratos menores definidos en el artículo 138.3, la tramitación del expediente sólo exigirá la **aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.**

2. En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando normas específicas así lo requieran. Deberá igualmente solicitarse el informe de supervisión a que se refiere el artículo 125 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.

Artículo 138. Procedimiento de adjudicación.

